

“precariedade emocional” (bratzantifa, 2023)

*(A ver, meu, imos quedar ou non? Porque nun principio dicías que si... agora dis que non sabes... E a min dáme igual se quedamos ou non, eh. O que pasa é que eu levo todo o día no *curro¹, levo doce horas aquí, traballei en xornada partida, e simplemente quero organizarme... entón dime se si ou se non, pero non me *estés mareando.)*

Fíxoseme tarde pa poñer a lavadora
e non podo permitirme cear outra noite fóra;
invítote, se queres, e *quencemos unhas sobras,
pero non hai pa aparcas, o meu barrio é zona ORA.

Ao prezo que vai a gasolina,
case nos compensa non vernos estes días.
Ao prezo que vai a gasolina,
collo o bus urbano, papamos na *marquesina.

**Precariedade emocional,
contigo sempre teño o contrato temporal.
Precariedade emocional,
inestable, imprevisíbel, sen convenio sindical.
Precariedade emocional.
Precariedade emocional.**

*(Deixe a súa mensaxe despois do sinal [ton de aviso]: “Meu, agora xa dá igual, xa estou na cama, estou *en casa, pero é que estou farta de que sempre andes con este *rollo, sabes? Que parece que... que é un McDonalds *esto, todo o día aberto, é que non son así as cousas. Xa paso”)*

¹ *curro → choio

*estés → esteas

pa → para

*quencemos → quecemos (o verbo é quecer)

*marquesina → marquesiña

*en casa → na casa

*rollo → leria

* esto → isto

Amores de **tupper*² e de ollos cansos,
falamos no **curro*, nunca nos chamamos.
Citas de uniforme, as quendas rotando,
**ogallá* me gardases o teu día de descanso.

Somos moi distintos: eu traballo 9:00 a 21:00
e ti es un desgraciao que pide a Glovo cando chove;
o tren era media hora, non estaba tan lonxe,
pero **cumpl*o vinte e seis e quitaranme o Carné Xove.

Ao prezo que vai a gasolina,
case nos compensa non vernos estes días.
Ao prezo que vai a gasolina,
collo o bus urbano e papamos na **marquesina*.

**Precariedade emocional,
contigo sempre teño o contrato temporal.
Precariedade emocional,
inestable, impredecible, sen convenio sindical.
Precariedade emocional.**

² **tupper* → friameira

**ogallá* → oxalá

desgraciao → desgraciado

**cumpl*o vinte e seis → fago vinte e seis (“facer anos”)